

## Lingua Galega e Literatura II. 2º de Bacharelato

### Organización do curso 2023-2024. Resumo da programación

O currículo da materia de Literatura Galega e Literatura II vén recollido no *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 26/09/2022).

#### 1. OBXECTIVOS.

A materia contribuirá á adquisición dos obxectivos da etapa do bacharelato, recollidos no artigo 7 do decreto citado, así como ás competencias básicas que figuran no artigo 8. Asemade, no ANEXO II do devandito decreto, que recolle o currículo das materias, establécense os obxectivos da materia de Lingua Galega e Literatura para o Bacharelato.

A través dos obxectivos da materia de Lingua Galega e Literatura contribuirase ao desenvolvemento das Competencias básicas, tal como se recolle na programación da materia, especialmente da Competencia en comunicación Lingüística (CCL) e da Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

#### 2. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Usarase como libro de texto o manual *Lingua e Literatura 2 Bacharelato. Ed. Obradoiro Santillana. Edición 2023.*

Crearase un curso virtual moodle na *aula virtual* aloxada na web do IES Camilo José Cela (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescamilojosecela/aulavirtual/>). Neste curso aloxaranse a maioría dos materiais empregados, realizaranse e entregaranse as tarefas prácticas e proporcionarase información do desenvolvemento da materia, ademais de servir de vía de comunicación entre alumnado e docente.

Proporcionarase *material fotocopiado* con seleccións de textos ou actividades que se consideren de interese para o seguimento da materia.

Empregarase *exemplares impresos de obras literarias*, especialmente para as obras de lectura obrigatoria, que poderán proceder da biblioteca de aula, da biblioteca do centro ou da biblioteca persoal do alumnado.

### 3. ORGANIZACIÓN DO CURSO.

O curso organizarase por trimestres, tendo como eixo a disposición cronolóxica dos contidos incluídos no bloque de *Educación Literaria*. En cada trimestre iranse interrelacionando os contidos do bloque citado cos dos outros bloques: *As linguas e os seus falantes*, *Comunicación e Reflexión sobre a lingua*.

#### 1º Trimestre.

Abordarase o desenvolvemento das *unidades 1 a 4* que figuran na programación. Neste trimestre centrarémonos no 1º terzo do século XX, abordando a situación da lingua e os falantes nesa época; desenvolveranse contidos básicos de fonética e fonoloxía, acentuación, morfoloxía do substantivo e estrutura da palabra e as familias de palabras. Tamén se traballará a estrutura textual, a adecuación e os estereotipos e prexuízos lingüísticos.

#### Lecturas:

*Dos arquivos do trasno*. Rafael Dieste. Editorial Galaxia.

#### 2º Trimestre.

Desenvolveranse as *unidades 5 a 8* que figuran na programación. Neste trimestre centrarémonos no 2º terzo do século XX, tendo en conta a situación da lingua e os falantes durante o franquismo; desenvolveranse contidos de morfoloxía verbal, sintaxe da frase e da cláusula, os determinantes e os pronomes. Traballarase a coherencia textual e a análise do galego como lingua en vías de normalización.

#### Lecturas:

*A esmorga*. Eduardo Blanco Amor. Editorial Galaxia.

#### 3º Trimestre.

Desenvolveranse as *unidades 9 a 12* que figuran na programación. Abordarase a situación da lingua e os falantes desde o remate do franquismo ata a actualidade; trataranse contidos de temporalidade verbal, estruturas oracionais complexas, modalidade oracional. Afondarase nos mecanismos de cohesión textual e na análise do proceso de constitución da lingua estándar.

#### Lecturas:

*Saxo Tenor*. Roberto Vidal Bolaño. Edicións La Voz de Galicia.

#### 4. AVALIACIÓN.

En cada trimestre realizaranse dúas probas escritas, un control sobre unha obra de lectura (pode ser unha proba escrita ou un test na aula virtual moodle) e, como mínimo, dúas tarefas de produción textual e cuestións prácticas. A súa valoración realizarase do xeito seguinte:

-**Probas escritas:** 80% (unha primeira proba parcial computará o 30% e a segunda o 50%)

-**Control de lectura:** 10%

-**Tarefas:** 10% (realizarase a media das tarefas entregadas)

O resultado desta ponderación será a cualificación da avaliación. **Para o cálculo da nota final do curso realizarase a media das tres avaliacións.**

En cada trimestre obterase unha cualificación, logo das ponderacións indicadas. En caso de que a cualificación final, coa media dos tres trimestres e o redondeo para chegar ao número enteiro, sexa superior a 5 puntos, o alumno superará automaticamente a materia.

A cualificación de probas, controis ou tarefas será de **0 puntos se se detecta suplantación, fraude ou uso de ferramentas ou materiais non autorizados.**

#### 5. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

O alumnado que non consiga o aprobado na avaliación realizará **unha proba escrita de recuperación en cada trimestre, que computará o equivalente ás probas escritas (80%)** e que entrará de novo a ponderación co control de lectura e as tarefas.

No caso de que o alumnado aprobe a 3ª avaliación e, aínda así, por ter suspensa algunha outra, non alcance a media suficiente para aprobar, poderá facer de novo a recuperación da parte que lle falte ou, excepcionalmente, facer unha proba escrita de recuperación de dúas avaliacións xuntas a fin de conseguir a media suficiente. En caso de alumnado que suspenda a 3ª avaliación pero teña outras suspensas, poderá escoller facer a proba escrita de recuperación doutra avaliación (ou excepcionalmente de dúas) na que teña unha cualificación inferior para aumentar as posibilidades de ponderación e subir a media.

En caso que a media resultante logo do proceso de recuperación sexa inferior á inicial, tomarase a media máis alta para o cálculo da media final.

En caso de que o alumnado non supere a materia na convocatoria ordinaria, realizará unha proba na **convocatoria extraordinaria** que suporá o 100% da cualificación. Esta proba será exclusivamente unha proba escrita con cuestións sobre os contidos de todo o curso.

A cualificación das probas de recuperación será de **0 puntos se se detecta suplantación, fraude ou uso de ferramentas ou materiais non autorizados.**